



**PLAN ESTRATÉXICO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN
E DIVULGACIÓN DA MÚSICA DE ORTIGUEIRA
(2016-2019)**

**PROXECTO EDITORIAL
“APROXIMACIÓN HISTÓRICA DA MÚSICA
NO MUNICIPIO DE ORTIGUEIRA”**

As liñas de traballo comprendidas dentro deste Plan Estratéxico teñen que ver coa organización de eventos musicais e culturais en torno á música e o desenvolvemento de proxectos de edición e de posta en valor patrimonial da música en Ortigueira.

Todas as liñas de actuación son participativas, tanto á sociedade ortegana, coma cara a institucións e medios de comunicación.

Crearase **unha serie de libros integrados dentro dunha colección** dirixida por Carlos Diéguez Beltrán, director da Escola de Música do Concello de Ortigueira. Contará cun comité asesor de redacción e un comité científico formado por recoñecidos musicólogos relacionados coa Sociedade Española de Musicoloxía e a Asociación Nacional de Directores de Banda.

Esta colección trátase dunha publicación de carácter científico e divulgativo; sendo o resultado da suma de todos os proxectos que forman o plan estratéxico para a recuperación e divulgación da música de Ortigueira.

Os libros, escritos en galego, serán unha aproximación histórica da música no municipio, en todas as súas vertentes.

Supón un proxecto extenso e complexo que necesita dun equipo de traballo plural e colaborativo para poder realizar esta tarefa. **Ábrese un período ata o 31 de decembro de 2017, para colaborar no proxecto.**

“APROXIMACIÓN HISTÓRICA DA MÚSICA NO MUNICIPIO DE ORTIGUEIRA”

Como colaborar. Envío de Orixinais

Os textos enviaranse por correo electrónico ó seguinte
endereço: cdieguez@concellodeortigueira.com

O primeiro prazo de envío remata o 31/12/2017

LIÑAS EDITORIAIS

- Historia cronolóxica da música en Ortigueira dende o medievo.
- Historia das agrupacións/grupos musicais que existiron/existen no concello (bandas de música, conxuntos e bandas de gaitas, corais, orfeóns, rondallas, orquestras de baile, grupos tradicionais, grupos de rock, pop... e outros xéneros musicais)
- Personalidades de relevancia na historia musical do concello.
- Composicións adicadas a Ortigueira e ó Ortegal.
- Festivais e certames de música celebrados en Ortigueira.

1. Presentación dos textos

- Os textos que se envíen para a súa publicación deberán ser inéditos e non estar pendentes de publicación en ningunha revista ou publicación.
Aconséllase que contacten vía email co director da publicación, para coñecer se outro autor está a escribir/escribiu sobre o mesmo tema/estudo.
- A lingua dos libros que formen a colección será o galego; adicionalmente, aceptaranse artigos escritos en calquera outra lingua oficial do Estado para a súa posterior tradución ó galego.
- Non hai unha extensión determinada no texto.
- Os artigos presentaranse en documentos electrónicos dos principais procesadores de texto: *Microsoft Word* ou *Pages* (Mac).
- Todos los documentos presentaranse con tipo de letra *Times New Roman*, tamaño 12 e entreliñado 1,5 con xustificación.
- Os permisos para publicar documentación restrinxida deberán ser xestionados polo autor. A colección non asumirá calquera responsabilidade que poida derivarse da utilización indebida de dita documentación.



2. Proceso de ditame dos textos

- Os textos serán sometidos a un sistema de avaliación por especialistas musicólogos. O ditame servirá ó comité científico para decidir se procede ou non a publicación do texto. A decisión será comunicada ós autores. En ocasións, o revisor pode sinalar algúns aspectos a mellorar, quedando a publicación do artigo condicionada á incorporación das correccións sinaladas nos informes de avaliación. Así como se a extensión do texto non é a adecuada pola súa tipoloxía.
- É necesario que o autor aporte as fontes que contribuíron a realizar o artigo. (Prensa, documentación, partituras,...) Este aporte serva por unha parte para comprobar a veracidade histórica do artigo, así como para formar parte do arquivo patrimonio-musical da EMCO.

3. Corrección de probas

- O equipo editorial reservarase o dereito a facer as correccións de estilo que estime oportunas.
- A corrección de primeiras probas de imprenta será realizada polo autor.
- O autor devolverá as probas corrixidas coa máxima brevidade posible para non demorar no proceso de publicación.
- Non se aceptarán variacións significativas nin adicións que con leven un incremento da extensión do texto orixinal.
- A corrección das segundas probas confiarase ó equipo editorial da publicación.

Criterios editoriais

Os criterios de edición que deberán terse en conta para a publicación dun artigo na *“Aproximación Histórica sobre a música en Ortigueira”* serán os seguintes:

- Encabezamento:
 - Título. No caso de estar nunha lingua diferente ó galego, deberase incluír tamén a tradución ó galego.
- Corpo do texto:
 - As divisións internas do traballo (Introdución, seccións, conclusións, etc.) escribíranse en negriña.
 - As comiñas utilizadas serán sempre as latinas («...») e no caso de necesitar un segundo nivel de entrecomiñado, utilizaranse as comiñas altas («“...”»).
 - As comiñas irán sempre antes do signo de puntuación (».) e non ó revés (.»).
 - Os guiños de inciso –usados para a separación de ideas con función similar ó paréntese– que se deberán utilizar son largos (–), e non cortos (-). Coidarase de non introducir un oco entre o primeiro guiño e a palabra seguinte, nin entre o segundo e a palabra anterior.



- O número de referencia das notas a pe de páxina situado no corpo do artigo deberá ir sempre antes do signo de puntuación. No caso de ter comiñas, incluírase a referencia da seguinte maneira: comiñas-número da nota-signo de puntuación (»¹).
 - As citas literais breves manteranse no corpo de texto e entrecomiñadas (non en cursiva). Cando as citas sexan de maior extensión presentaranse de forma exenta e sen comiñas, sangría de 1,25 para todo o texto, tamaño de letra 10 e entreliñado sinxelo. A omisión de pasaxes nas citas ou as intervencións do autor dentro da cita marcaranse por medio de corchetes.
 - Se as citas orixinais non estiveran en galego, deberá constar a tradución no corpo de traballo e o texto orixinal en nota ó pe.
 - Os números van escritos en cifras cando indican datas, medidas ou prezos e no caso de enumeracións; en letras, en todos os demais casos.
 - Os termos en linguas diferentes á do texto irán en cursiva.
- Ilustracións, figuras e exemplos musicais:
 - As ilustracións, figuras e exemplos musicais deberán ir igualmente numerados de forma correlativa e cos pes ou lendas correspondentes debidamente redactados polo autor. Entregaranse no arquivo independente con formato «.jpg» coa adecuada resolución (mínimo 300 dpi) para a súa correcta reprodución e indicarse no texto o lugar da súa localización.
- Referencias bibliográficas:
 - Nas referencias bibliográficas, os apelidos dos autores escribiranse en maiúsculas, seguidos do nome en letra normal.
 - Una obra anónima ou con máis de tres autores principais citarase polo título e irá seguida do nome dos autores, dos que se citará soamente ó primeiro, seguido da indicación «e outros». En ningún caso empregarase ó termo «anónimo» como encabezamento.
 - Nunca debese encabezar unha cita con autores que teñan intervido en forma secundaria (recuperadores, transcritores, adaptador, editores científicos, autores literarios en partituras, etc.); nestes casos comezase có título da obra.
 - Os títulos das obras, monografías ou revistas escribiranse en cursiva.
 - Os títulos de tese doutorais ou traballos finais de máster escribiranse en cursiva e indicarse tal condición na referencia.
 - As páxinas web indicaranse da seguinte maneira: Autor, título
 - Os títulos de artigos ou capítulos en publicacións colectivas escribiranse entre comiñas («...»).
- Notas ó pe:
 - Nos casos no que algún artigo ou libro cítese repetidamente, a partir da segunda cita, só se fará constar o apelido e a inicial do nome do autor xunto coas primeiras palabras do título de traballo seguidas de puntos suspensivos.



- Exemplos de referencias:
 - Libros
 - RODRÍGUEZ SUSO, Carmen. *Banda Municipal de Bilbao: al servicio de la villa del Nervión*. Bilbao, Ayuntamiento de Bilbao. Área de Cultura, 2006.
 - Artigos de revista
 - RAUSELL KÖSTER, Pau y ESTREMS, José Antonio. «Una aproximación económica a las sociedades musicales». *CIRIEC-España. Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 31, (1999), pp. 149–186.
 - Capitulo de publicacións colectivas
 - RODRIGUEZ LORENZO, Gloria Araceli. «Los conciertos al aire libre de la Banda Municipal de Madrid en el primer tercio del siglo XX: de la música culta a la popular». *Musicología global, musicología local*. Javier Marín López, Germán Gan Quesada, Elena Torres Clemente, Pilar Ramos López (eds.). Madrid, Sociedad Española de Musicología, 2013, pp. 1171–1191.
 - Teses doutorais ou traballos finais de máster:
 - SANTODOMINGO, Antonio. *La Banda de Alabarderos (1746–1939). Música y músicos en la Jefatura del Estado*. Tesis doctoral. Director: Víctor Sánchez Sánchez. Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2015.